

# IES XOSÉ NEIRA VILAS - DEPARTAMENTO DE GREGO

## Programación docente para o curso 2021-2022

### Índice:

<b>Introdución</b>	<b>2</b>
<b>Obxectivos de etapa</b>	<b>2</b>
<b>Relación entre os estándares de aprendizaxe avaliados e outros elementos do curriculum</b>	<b>5</b>
<b>Unidades didácticas</b>	<b>8</b>
<b>Metodoloxía</b>	<b>10</b>
<b>Materiais e recursos didácticos</b>	<b>11</b>
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>11</b>
<b>Medidas de atención á diversidade</b>	<b>12</b>
<b>Elementos transversais</b>	<b>12</b>
<b>Actividades complementarias e extraescolares</b>	<b>12</b>
<b>Criterios de avaliación e modificación da programación</b>	<b>13</b>

# 1. Introducción

Este departamento ten asignados no presente curso un curso de Cultura Clásica en 3º de ESO, que ten alumnado de ambos grupos; un de Latín de 4º de ESO, que recibe alumnado dos grupos B e C; Latín de 1º de Bacharelato, con parte do grupo B; e Latín de 2º de Bacharelato, tamén con parte do grupo B. Non hai, pois, grupos de grego, se ben hai quen o está a cursar a distancia no IES San Clemente e que recibirá a nosa axuda de precisala.

## 2. Obxectivos de etapa

Segundo o Decreto 86/2015, os obxectivos de etapa da ESO son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Os obxectivos do Bacharelato son unha evolución destes:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3. Relación entre os estándares de aprendizaxe avaliáveis e outros elementos do *currículum*

Coa aplicación da LOMCE entraron no currículo educativo as chamadas Competencias Clave, definidas no punto primeiro do artigo 2 do RD 1105/2014 como as “capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, coa fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos” e establecidas no punto 2 como:

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

As nosas materias contribúen á adquisición das competencias das seguintes formas:<sup>1</sup>

1. Comunicación Lingüística (CCL)
<ul style="list-style-type: none"><li>• Comprendo e producindo textos escritos e expresións orais de diversa índole: explicacións, narracións, descricións, en medios audiovisuais, debates... etc.</li><li>• Comprendo e traballando con mapas, gráficas, táboas e outras formas de expresión de datos.</li><li>• Adquirindo vocabulario específico da materia e traballando con el: definindo termos, diferenciando conceptos, nomes propios de rexións, persoas, obxectos... etc.</li><li>• Traballando activamente con vocabulario das linguas de orixe (español e galego), coñecendo a súa orixe a través do latín e o grego. Identificando a influencia destas linguas noutras linguas modernas, con atención ás románicas, especialmente as da península Ibérica, pero tamén ás que non o son.</li></ul>
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
<ul style="list-style-type: none"><li>• Identificando accidentes e marcos xeográficos</li><li>• Comprendo o concepto de periodización e recoñecendo as pertinentes periodizacións nos diferentes ámbitos históricos, sociais,</li></ul>

<sup>1</sup> Recordamos que isto non se aplica ao Bacharelato, se ben todas estas capacidades non deixan de ser traballadas nel.

artísticos e científicos a través da elaboración de eixes cronolóxicos ou outros medios.

- Compreendendo os mecanismos de evolución cultural nos distintos ámbitos da materia e as súas causas.
- Recoñecendo a importancia de elementos culturais gregos e romanos nas diferentes disciplinas científicas, especialmente o vocabulario: por exemplo, os prefixos e sufixos grecolatinos máis relevantes.
- Aproximándose ao método científico: establecendo hipóteses e obtendo e analizando os resultados que as confirmen ou fagan falsas.
- Coñecendo a orixe da ciencia: o concepto do paso do mito ao logos, que implica cada un dos termos e a pervivencia desta noción.
- Traballando con operacións matemáticas sinxelas con elementos do ámbito do mundo clásico.

### 3. Competencia dixital (CD)

- Utilizando de forma eficaz, segura e creativa ferramentas dixitais para a obtención de información e o traballo coa mesma.
- Traballando o espírito crítico a partir de información obtida na rede e conseguindo en consecuencia moverse por ela sen perigo de manipulación ou fracaso.
- Manexando plataformas para a entrega e recepción de tarefas.
- Fomentando a utilización de medios dixitais para a elaboración de tarefas audiovisuais.

### 4. Aprender a aprender (CAA)

- Fomentando o traballo autónomo e persoal: sabendo como empregar (e entendendo a necesidade de facelo) distintas fontes de información.
- Aprendendo e traballando técnicas de estudo e outras formas de autoxestión do tempo e o coñecemento (resumos, esquemas e mapas conceptuais).
- Impulsando a toma de decisións por parte do alumnado.
- Recoñecendo as causas e consecuencias que teñen as accións propias e colectivas.
- Adquirindo estratexias para recoñecer información clave e como xestionala.
- Traballando a capacidade de análise e de recoñecer semellanzas e diferenzas: por exemplo, poder comparar o lecer nas culturas antigas e a actual.
- Xestionando a capacidade de derrubar crenzas e mitos particulares e sociais ao confrontar datos novos.

### 5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

- Recoñecendo a orixe dos valores democráticos e de responsabilidade social herdados do pasado e a diferenza dos actuais coas súas expresións orixinais.

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Analizando a sociedade actual e as sociedades antigas: semellanzas, diferenzas e posibles alternativas.</li> <li>• Fomentando o traballo en equipo e actitudes para unha mellor convivencia do grupo e coa sociedade.</li> <li>• Debatindo sobre as implicacións da evolución das sociedades e a cultura en cuestións como a organización do traballo, as nocións de clase social, a igualdade entre as persoas e os diversos xéneros, a integración cultural, o choque cultural, as linguas en contacto, os diferentes tipos de discriminación...</li> <li>• Recoñecendo os valores e conceptos clave da convivencia cívica: democracia, xustiza, dereitos humanos, responsabilidade civil, cidadanía... etc.</li> </ul>
<p>6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE)</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comparando os contextos socioeconómicos antigos e os actuais.</li> <li>• Traballando as capacidades de análise, xestión de recursos, planificación e execución de tarefas e/ou proxectos.</li> </ul>
<p>7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comparando as diferenzas entre culturas, as aportacións que unhas fan ás outras e a importancia que teñen no seu contexto.</li> <li>• Recoñecendo o valor que ten a cultura e as expresións culturais e artísticas para os seres humanos e os elementos que se plasman nelas.</li> <li>• Identificando o contexto histórico dunha expresión cultural e valorando os mesmos.</li> <li>• Reflexionando sobre o patrimonio cultural, que é, por que debe ser conservado e coñecido... etc.</li> <li>• Traballando a capacidade de expresar as propias ideas, sentimentos e opinións con respecto, e respectar as dos demais: por exemplo, debatindo a subxectividade da arte e o gusto persoal.</li> <li>• Fomentando a interese polas manifestacións culturais distintas das coñecidas.</li> </ul>

A respecto da relación entre os distintos elementos do curriculum, a concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e en especial os criterios de avaliación seguiremos os modelos propostos polas autoridades educativas. Estes poden atoparse nas seguintes ligazóns:

Cultura Clásica: [http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/es\\_ccl\\_3\\_4.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/es_ccl_3_4.pdf)

Latín 4º ESO: [http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/to\\_lat\\_4.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/to_lat_4.pdf)

Latín 1º BACH.: [http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/to\\_lat\\_1bac.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/to_lat_1bac.pdf)

Latín 2º BACH.: [http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/to\\_lat\\_2bac.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/to_lat_2bac.pdf)

## 4. Unidades didácticas

Así, establecemos a seguinte relación de Unidades Didácticas segundo os bloques establecidos no curriculum, cun número de sesións aproximado a un ideal, debido aos seguros cambios contando con días non lectivos, posibles excursións e outros motivos inesperados:

### Cultura Clásica

Bloque	Sesións	Unidades didácticas
1. Xeografía	4	U.D. 1: O mundo grecolatino
2. Historia	6 6	U.D. 2: Os helenos. Quen eran? U.D. 3: Os romanos. Quen eran?
3. Mitoloxía	5 3	U.D. 4: Deuses e heroes. U.D. 5: O noso larario.
4. Arte	3 4 5	U.D. 6: Non só de pan vive o home. U.D. 7: Unha bonita casa para unha estatua. U.D. 8: As pegadas dos antigos.
5. Sociedade e vida cotiá	5 4 5	U.D. 9: E antes... Quen mandaba? U.D. 10: Un día máis. U.D. 11: Hoxe imos ao circo.
6. Lingua e Literatura	4 5 3	U.D. 12: Orixes do noso falar e escribir. U.D. 13: Os latíns do s. XXI. U.D. 14: Cántame, musa, outra vez...
7. Pervivencia na actualidade	4	U.D. 15: Clásicos pero modernos

### Latín de 4º

Unidades didácticas	Sesións	Bloques
1. Primeiros pasos	12	1. O latín, orixe das linguas romances 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos 3. Morfoloxía 4. Sintaxe 6. Textos 7. Léxico
2. Quen foron os romanos?	13	1, 3, 4, 5. Roma: historia, cultura e civilización, 6, 7
3. Os deuses dos romanos	13	1, 3, 4, 5, 6, 7



4. A res publica	13	1, 3, 4, 5, 6, 7
5. A vida diaria dun romano	14	1, 3, 4, 5, 6, 7
6. Fundamos unha cidade	12	1, 3, 4, 5, 6, 7
7. Artes para aliviar o ánimo	12	1, 3, 4, 5, 6, 7
8. As pegadas dos antigos	12	1, 3, 4, 5, 6, 7
9. Despedímonos	10	1, 3, 4, 5, 6, 7

### Latín 1º Bac

Unidades didácticas	Sesións	Bloques
1. Primeiros pasos	12	1. O latín, orixe das linguas romances 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos 3. Morfoloxía 4. Sintaxe 6. Textos 7. Léxico
2. Quen foron os romanos?	13	1, 3, 4, 5. Roma: historia, cultura e civilización, 6, 7
3. Os deuses dos romanos	13	1, 3, 4, 5, 6, 7
4. A res publica	13	1, 3, 4, 5, 6, 7
5. A vida diaria dun romano	14	1, 3, 4, 5, 6, 7
6. Fundamos unha cidade	12	1, 3, 4, 5, 6, 7
7. A arte e técnica	12	1, 3, 4, 5, 6, 7
8. As pegadas dos antigos	12	1, 3, 4, 5, 6, 7
9. Cursus finitus	10	1, 3, 4, 5, 6, 7

### Latín 2º Bac

Unidades didácticas	Sesións	Bloques
1. De volta en Roma	12	1. O latín, orixe das linguas romances 2. Morfoloxía 3. Sintaxe 5. Textos 6. Léxico
2. A épica	16	1, 2, 3, 4. Literatura latina, 5, 6
3. A historiografía	16	1, 2, 3, 4, 5, 6
4. A lírica	16	1, 2, 3, 4, 5, 6
5. A oratoria	16	1, 2, 3, 4, 5, 6
6. A comedia	16	1, 2, 3, 4, 5, 6
7. A fábula	16	1, 2, 3, 4, 5, 6
8. Pervivencia do romano no noso tempo	12	1, 2, 3, 4, 5, 6

## 5. Metodoloxía

Neste curso intentaremos que a metodoloxía sexa o máis práctica posible por parte do alumnado, para garantir unha aprendizaxe máis significativa: no caso das materias que teñen continuidade (Latín de 4º e de 1º de Bach.) para que o ano vindeiro sexa máis doado para el por dispoñer dunha mellor base de coñecementos; no caso de 2º, para poder facer unha boa proba de EBAU; e no caso de Cultura Clásica para que lles acompañen estes coñecementos ao longo da súa vida. Ademais, esta metodoloxía sera multiinstrumental e que traballe diversas destrezas, tendo que empregar tanto os soportes materiais, físicos como ferramentas dixitais cando teñan que realizar traballos escritos e/ou exposicións orais.

Este será sobre todo o caso de Cultura Clásica, se ben algunhas de estas metodoloxías tamén aparecerán nos outros cursos de Latín de 4º e 1º. En ambos destes optarase por un enfoque máis inductivo, empregando o método Lingua Latina como material principal. No caso particular do segundo, como practicamente todo o alumnado xa coñece a lingua por ter cursado Latín no curso anterior, introducirémonos máis cedo aos textos e a súa tradución e interpretación sen que sexa isto óbice para outro tipo de actividades.

O Latín de 2ª terá como obxectivo principal a preparación da proba da ABAU, polo que a metodoloxía principal será a de tradución e comentario de texto, xunto con algunhas explicacións teóricas.

## 6. Materiais e recursos didácticos

Non se preve o uso de libro de texto en ningunha das materias. Cando sexa preciso, o profesorado dará unha serie de apuntes ou fotocopias para apoiar as explicacións e exercicios ou proxectará eses materiais na aula, segundo sexa adecuado. No caso do segundo de bacharelato, traballarase co diccionario como ferramenta auxiliar para a tradución de textos.

Tamén se empregarán recursos en liña, sexan máis pasivos, coma dicionarios e apuntamentos, ou máis activos, como repositorios de actividade. Canto de películas, series, etc., o visionado das mesmas se empregará como apoio das explicacións e levarán asociadas actividades de comprensión e valoración por parte do alumnado.

Algúns recursos en liña útiles poden ser os seguintes:

- <http://www.culturaclasica.com>
- <http://www.culturaclasica.com/lingualatina/index.htm>
- <http://alerce.pntic.mec.es/~rmarti41>
- [http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/\\_comun/eshome.php](http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/eshome.php)
- <http://www.chironweb.org/>
- [https://archive.org/details/lingualatinaperseillustrataparsifamiliaromana-15090\\_7013549-lva1-app6892](https://archive.org/details/lingualatinaperseillustrataparsifamiliaromana-15090_7013549-lva1-app6892)
- <http://www.luduslitterarius.net/>
- <http://www.blogoteca.com/clasicando/index.php>

## 7. Criterios de avaliación

Debido ao carácter das materias lingüísticas, a súa avaliación será continua, asegurando ao remate do curso a consecución dos obxectivos e o logro dos estándares de aprendizaxe e contidos mínimos.

No caso da Cultura Clásica, o alumnado que non alcanzase estes deberá realizar probas de recuperación para a súa consecución.

No caso de Latín II, os criterios e instrumentos de avaliación veñen marcados polos criterios da CIUG.

Estableceranse probas de recuperación para aquel alumnado que non acadase os criterios indicados no currículo que se pode consultar nas ligazóns da sección 3. Considerarase que se acadou o nivel mínimo cando o alumnado sexa quen de demostrar polo menos a consecución da metade dos criterios de cada bloque.

## 8. Medidas de atención á diversidade

Traballaremos en consonancia co Departamento de Orientación para que todo o alumnado dos nosos cursos sexa quen de sacar o máximo partido do mesmo. Ante calquera dificultade persoal por un motivo determinado o profesorado comprométese a modificar as actividades programadas, actuación en aula, etc. sempre que teña coñecemento disto. Aquel alumnado que teña dificultades relacionadas co ámbito lingüístico e o entendemento pode recibir materiais adaptados sempre que os solicite así como unha adaptación de tempo á hora de realizar e entregar as tarefas.

## 9. Elementos transversais

O currículo da ESO e o Bacharelato contempla o traballo de distintas habilidades, actitudes e valores a potenciar no alumnado. Neste curso, as principais serán:

- A inclusión e a igualdade: en xeral o centro ten moito compromiso coa inclusión e a non discriminación por motivos como a identidade de xénero, orientación sexual, ideas, etnia e/ou orixe, e en concreto participará este ano no Proxecto Interdisciplinar *divers@*.
- Promoción da lectura: as nosas materias teñen unha forte compoñente na lectura e a palabra escrita; a través da promoción da lectura poderemos achegar máis facilmente ao noso alumnado os textos e linguas dos clásicos así como a súa cultura e formas de vida. Entregarase ao alumnado unha lista de lecturas relevantes ao *curriculum* de libre escolla intentando aproveitar o máis posible o catálogo da biblioteca do centro e a municipal.
- Respecto e coidado do medio ambiente: insistirase na necesidade de empregar a enerxía de forma eficiente.
- Educación vial: no caso das saídas, insistiremos ao alumnado en seguir as indicacións viarias e o cumprimento das normas mentres duren estas actividades.

## 10. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades deste tipo estarán planeadas en acordo co Departamento correspondente. Calquera destas depende da normativa con respecto á COVID que sexa vixente no momento de executarse.

De levarse a cabo o festival, unha das saídas será para asistir ás representacións de teatro clásico grecolatino organizadas pola sección galega da SEEC.

Tamén será interesante a participación do alumnado no Concurso de Cultura Clásica Odisea, pois a través da pescuda en rede de información traballamos a competencia dixital xunto coas de Comunicación Lingüística, Social e Cívica e de expresións Culturais.

## 11. Criterios de avaliación e modificación da programación

Consideramos que a programación docente é un estándar ideal en previsión do desenvolvemento do curso e que deberá ser modificada para a súa mellora a finais do mesmo. Para isto, entregaranse enquisas ao alumnado e profesorado para avaliar o desenvolvemento do curso e o ben que se axustou tanto a programación como a propia actuación do profesorado.

Asina en posesión da Xefatura do Departamento en A Coruña, a 28 de setembro de 2021,  
Andrés Carballosa Calleja